



# **CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DO  
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

**EXERCICIO 2000**

## ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
<b>I. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>1</b>
1. OBXECTIVOS.....	1
2. LIMITACIÓNS.....	1
3. MARCO LEGAL.....	1
4. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS.....	2
<b>II. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL.....</b>	<b>3</b>
1. ORZAMENTO.....	3
2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.....	3
3. CONTA XERAL.....	5
<b>III. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.....</b>	<b>5</b>
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA.....</b>	<b>6</b>
1. DEBEDORES PENDENTES DE COBRO.....	6
2. ACREDORES PENDENTES DE PAGO.....	19
3. FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA.....	26
4. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO.....	26
5. CUANTIFICACIÓN DO ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA.....	27
<b>V. ENDEBEDAMENTO.....</b>	<b>28</b>
1. OPERACIÓNS A LONGO PRAZO.....	28
2. OPERACIÓNS DE TESOURERÍA.....	30
3. AFORRO NETO.....	31
<b>VI. CONCLUSIÓNS.....</b>	<b>32</b>
1. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL.....	32
2. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.....	32
3. REMANENTE DE TESOURERÍA.....	32
4. ENDEBEDAMENTO.....	33
5. DÉBEDAS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA.....	33
6. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA.....	33
7. RESPONSABILIDADES.....	33
<b>ANEXO: ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO CONCELLO.....</b>	<b>35</b>

## **I. INTRODUCCIÓN**

### **1. OBXECTIVOS**

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno desta Institución, en sesión realizada o 20 de decembro de 2001, acordou incluír no seu programa de actuacións a realizar no ano 2002, a fiscalización da actividade económico-financeira realizada polo Concello de Vilagarcía de Arousa durante o exercicio 2000, limitada ós seguintes obxectivos:

- Verificar a consistencia e razoabilidade dos conceptos que integran o remanente de tesourería a 31 de decembro de 2000 e, no seu caso, comprobar que se adoptaron as medidas legalmente procedentes para compensar os remanentes de tesourería negativos.
- Comprobar que no momento previo á formalización das operacións de crédito se cumpren os límites fixados na LRFL, analizando tamén o aforro neto da Corporación a 31 de decembro de 2000 e aquelas variables que permiten realizar un diagnóstico da situación económico-financeira da entidade.

### **2. LIMITACIÓNS**

As probas realizadas para o cumprimento dos obxectivos fixados, víronse condicionadas polas seguintes limitacións ó alcance:

- A falta dalgunha resposta de entidades bancarias e acredores, supuxo unha limitación a efectos de contrastar a información achegada polo Concello.

### **3. MARCO LEGAL**

A normativa que regula a actividade económico-financeira do Concello no referente ás materias obxecto de fiscalización, inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).
- Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 17 de xullo de 1990.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989, sobre estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988,

Reguladora das Facendas Locais.

- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro (RXR).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria (LXT).
- Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.
- Real Decreto Lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria (TRLXO).
- Lei 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas (LOTC).
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, do 17 de xullo de 1992.

#### **4 TRÁMITE DE ALEGACIÓNS**

En cumprimento do disposto no artigo 58 do regulamento do Consello de Contas de Galicia, os resultados das actuacións realizadas foron remitidas ó Alcalde do Concello en escrito de 26 de febreiro de 2003, concedéndolle un prazo ata o 24 de marzo de 2003 para que presentara as alegacións, documentación e xustificantes que estimara oportunos.

O Concello remitiu as alegacións o día 25 de marzo de 2003 (registro de saída da Entidade número 4389), rexistrándose no Consello de Contas co número de entrada 398 de data 27 de marzo de 2003.

En relación coas alegacións presentadas, que se incorporan como Anexo ó presente informe, convén precisar o seguinte:

- a) Se como consecuencia das alegacións se modificara, total ou parcialmente, o contido do informe ou ben resultara necesario realizar algunha matización, sinalarase en nota a pé de páxina.
- b) O Consello de Contas de Galicia non valora as alegacións que:
  - confirman deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe;
  - ofrecen criterios ou opinións sen soporte documental ou normativo;
  - non rebaten o contido do informe, proporcionando só explicacións ou xustificacións da actividade municipal.

## II. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL

### 1. ORZAMENTO

O orzamento de 2000 foi aprobado inicialmente por acordo plenario do 25 de maio dese ano, fóra do prazo establecido na lei, polo que se incumpren os artigos 149.4 e 150.2 da LRFL, que indican que o orzamento xeral formado polo Presidente remitirase ó Pleno antes do 15 de outubro para a súa aprobación inicial e que a súa aprobación definitiva deberá realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ó do exercicio. Apróbase definitivamente, unha vez transcorrido o prazo de alegacións ó non presentarse reclamacións contra o mesmo.

En aplicación do artigo 150.6 da LRFL, prorrogouse automaticamente o orzamento de 1999 ata a entrada en vigor do orzamento do exercicio 2000, despois da súa publicación o 19 de xullo de 2000. Non consta que na aplicación da prórroga se realizaran os axustes dos créditos do orzamento do exercicio anterior nos termos do artigo 21 do RD 500/1990.

### 2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A liquidación do orzamento de 2000 foi aprobada por acordo da Comisión de Goberno do día 19 de marzo de 2001. Da liquidación aprobada deuse conta ó Pleno en sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2001. O 6 de novembro de 2001 foi remitida á Comunidade Autónoma e o 27 de marzo de 2002, á Administración do Estado, incumprindo o prazo previsto nos artigos 174.5 da LRFL, 91 do RD 500/1990 e regra 445 da ICAL.

Os estados de gastos e ingresos da liquidación do orzamento presentan as magnitudes que a continuación se detallan:

#### Estado de gastos

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obriga recoñecidas	Grao execución	Pagos ordenados	Pagos realizados	P.R/O.R. %
1. Gastos persoal	921.615.416	118.354.882	1.039.970.298	1.001.852.707	96,33%	1.001.321.584	988.311.627	98,65%
2. Gastos bens e servicos	728.354.640	127.251.062	855.605.702	804.621.851	94,04%	767.077.441	440.337.170	54,73%
3. Gastos financeiros	95.199.385	-4.500.000	90.699.385	84.359.169	93,01%	64.745.975	64.745.975	76,75%
4. Transferencias correntes	146.301.908	26.474.427	172.776.335	140.101.511	81,09%	113.600.738	94.085.174	67,16%
6. Investimentos reais	330.887.736	264.594.721	595.482.457	249.929.326	41,97%	239.676.123	167.631.582	67,07%
7. Transferencias de capital	30.000.000	11580.612	41.580.612	6.318.847	15,20%	6.318.847	6.318.847	100,00%
8. Activos financeiros	0	0	0	0	0,00%	0	0	0,00%
9. Pasivos financeiros	201.876.165	-60.252.524	141.623.641	141.405.573	99,85%	123.839.534	123.839.534	87,58%
<b>Total</b>	<b>2.454.235.250</b>	<b>483.503.180</b>	<b>2.937.738.430</b>	<b>2.428.588.984</b>	<b>82,67%</b>	<b>2.316.580.242</b>	<b>1.885.269.909</b>	<b>77,63</b>

O grao de execución do orzamento de gastos (obrigas recoñecidas netas/créditos definitivos) sitúase no 83%. O índice de execución de pagos (pagos realizados/obrigas recoñecidas) foi dun 78%. As modificacións

orxamentarias representan o 20% do orzamento aprobado e cuantitativamente o capítulo de investimentos reais é o máis relevante.

### Estado de ingresos

Capítulo	Previsión inícia	Modificac ións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Grao execución	Recadación	Grao recadac.	Dereitos pendentes
1. Impostos directos	685.005.000	0	685.005.000	673.342.113	98,30%	569.178.441	84,53%	104.163.672
2. Impostos indirectos	157.012.000	0	157.012.000	186.531.386	118,80%	186.320.345	99,89%	211.041
3. Taxas e outros ingresos	461.155.643	0	461.155.643	500.587.373	108,55%	465.423.832	92,98%	35.163.541
4. Transferencias correntes	789.527.000	169.532.822	959.059.822	934.250.782	97,41%	876.962.778	93,87%	57.288.004
5. Ingresos patrimoniais	5.508.871	3.820.000	9.328.871	11.740.927	125,86%	9.092.893	77,45%	2.648.034
6. Alleamento invest. reais	11.000	6.687.178	6.698.178	6.687.178	99,84%	6.687.178	100,00%	0
7. Transferencias de capital	92.708.346	84.287.664	176.996.010	92.434.328	52,22%	67.552.383	73,08%	24.881.945
8. Activos financeiros	0	53.525.218	53.525.218	0	0,00%	0	0,00%	0
9. Pasivos financeiros	263.307.390	165.650.298	428.957.688	149.895.149	34,94%	125.435.252	83,68%	24.459.897
<b>Total</b>	<b>2.454.235.250</b>	<b>483.503.180</b>	<b>2.937.738.430</b>	<b>2.555.469.236</b>	<b>86,99%</b>	<b>2.306.653.102</b>	<b>90,26%</b>	<b>248.816.134</b>

O grao de execución do orzamento de ingresos (dereitos recoñecidos/previsións definitivas) sitúase no 87%. O índice de execución da recadación líquida (ingresos líquidos/dereitos recoñecidos) foi do 90%.

### Resultado orxamentario <sup>1</sup>

O resultado orxamentario calculado polo Concello e o derivado de estimacións realizadas polo Consello de Contas, de acordo cos datos proporcionados, preséntase no seguinte cadro:

Resultado orxamentario	Segundo cálculos do Concello	CONSELLO DE CONTAS	
		Modificacións realizadas	Resultado orxamentario
1 Dereitos recoñecidos netos	2.555.469.236	-93.267.310	2.462.201.926
2 Obrigas recoñecidas netas	2.428.588.984	+4.768.395	2.433.357.379
3 Resultado orxamentario (1 – 2)	126.880.252		28.844.547
4 Desviacións positivas de financiamento	20.580.089		20.580.089
5 Desviacións negativas de financiamento	5.083.939		5.083.939
6 Gastos financiados remanente líquido de tesourería	53.525.218		53.525.218
<b>7 Resultado orxamentario axustado (3 – 4+5+6)</b>	<b>164.909.320</b>		<b>66.873.615</b>

No resultado orxamentario axustado calculado polo Concello, que ofrece un superávit de 164.909.320 pesetas, realizáronse modificacións que o diminúen ata situalo en 66.873.615 pesetas. Estas comprobacións foron:

<sup>1</sup> Transcorrido o período de alegacións, modificouse o importe das obrigas recoñecidas netas do resultado orxamentario en 3.984.382 pesetas. Esta cantidade, que se detalla no anteproxecto de Informe, e que non foi xustificada polo Concello, é pola diferenza entre a débeda comunicada por acredores ó Consello de Contas e a rexistrada en Contabilidade.

Os dereitos recoñecidos e as obrigas recoñecidas deducidas da contabilidade financeira e da liquidación, coinciden cos importes que figuran rexistrados no resultado orzamentario.

As modificacións ó resultado orzamentario calculado polo Concello, xorden como consecuencia das incidencias detectadas nos apartados 1 e 2 do epígrafe IV deste Informe.

### **3. CONTA XERAL**

A conta xeral do exercicio 2000 foi dictaminada pola Comisión Especial de Contas o día 25 de xuño de 2001, superando o límite fixado no artigo 193.2 da LRFL. Aprobouse en prazo polo Pleno da Corporación o 27 de setembro de 2001, e réndese ó Consello de Contas o día 16 de outubro de 2001.

### **III. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS**

O Pleno aprobou un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por 62.960.502 pesetas durante o ano 2000, para atender gastos sen consignación orzamentaria procedentes de 1998 e exercicios anteriores. Verificouse que en 1999, o Pleno aprobou dous expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, un polo importe de 1.453.529 pesetas, por facturas de actividades de formación de adultos no ano 1997, e outro, de 500.000 pesetas, á empresa "Pereira" para transportar ós compoñentes da escola municipal de baloncesto durante os meses de xaneiro a maio de 1995. No ano 2001 aprobouse outro expediente por 63.989.472 pesetas, para atender gastos que proceden do exercicio 1999 e anteriores.

Utilizar o recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no artigo 60.2 e 26.2,c) do RD 500/1990, indica falta de dilixencia no cumprimento do preceptuado no artigo 154.5 da LRFL, onde se dispón que non se poderán adquirir compromisos de gasto por contía superior ó importe dos créditos autorizados, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que teña lugar.

O recoñecemento extraxudicial de créditos é unha figura controvertida, xa que se trata dun procedemento que a Lei prevé como excepcional para a protección de terceiros. Tal excepcionalidade require a tramitación dun expediente no que conste un informe da Intervención e memoria do órgano xestor do gasto, onde se xustifiquen os motivos que deron lugar á realización de gastos sen axustarse ó procedemento legalmente establecido. Verificouse a existencia de memoria da Alcaldía e informe de Intervención nos expedientes aprobados polo Pleno.

O Concello utiliza de xeito reiterado (non con carácter excepcional), o recoñecemento extraxudicial de créditos, o que supón unha quebra dos principios de anualidade e especialidade cualitativa e cuantitativa que sinalan os artigos 144 e 153 da Lei 39/1988, ó imputarse gastos ó exercicio seguinte por non existir crédito no orzamento de orixe. É unha solución normativa a unha situación irregular derivada da aplicación en vía administrativa doutro

principio procedente do ámbito privado, o de *enriquecemento sen causa* que, nembargantes, pode xerar responsabilidades pola produción de actos administrativos nulos de pleno dereito (artigo 154.5 da LRFL).

Ó resultado orzamentario do exercicio 2000, afectaríanlle aqueles gastos que correspondendo a este exercicio, se imputen ó ano 2001, así como as facturas pendentes de recoñecer do ano 2000. No expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos aprobado no ano 2001, non constan facturas do ano 2000, son todas de exercicios anteriores, polo que non inflúe na cuantificación do resultado orzamentario. Estes importes afectan ó remanente de tesourería, xa que incrementarían a rúbrica de acredores pendentes de pago de orzamento de gastos, de exercicios pechados en 63.989.472 pesetas.

Ademais do anterior, a imputación de gastos de exercicios anteriores, a orzamentos doutros exercicios, supón unha distorsión da previsión do artigo 157.1 da LRFL, que esixe que con cargo ós créditos do estado de gastos, só poidan contraerse obrigas derivadas de prestacións ou gastos que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

#### IV. REMANENTE DE TESOURERÍA

O artigo 93.2,d) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, establece que como consecuencia da liquidación do orzamento da entidade se deberá determinar, entre outras magnitudes, o remanente de tesourería, o cal, de conformidade co artigo 172 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, calcularase sumando os fondos líquidos e os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro, restándolle a todo iso as obrigas recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do mesmo, tendo en conta os ingresos afectados e minorando os dereitos pendentes considerados de difícil ou imposible recadación.

Os resultados da análise sobre a composición de cada un dos conceptos integrantes do remanente de tesourería reflíctense nos seguintes apartados.

##### 1. DEBEDORES PENDENTES DE COBRO

Os saldos de debedores pendentes de cobro que se reflicten no remanente de tesourería presentan a seguinte composición:

Debedores pendentes de cobro a 31/12/2000	Importe pesetas
De orzamento de ingresos, exercicio corrente	248.816.134
De orzamento de ingresos, exercicios pechados	556.533.535
Doutras operacións non orzamentarias	8.450.154
( - ) Saldos de dubidoso cobro	75.000.000
( - ) Ingresos pendentes de aplicación definitiva	10.000
<b>Total</b>	<b>738.789.823</b>



Como resultado do traballo efectuado, detectáronse as seguintes incidencias, que afectan á fiabilidade dos saldos rexistrados en debedores pendentes de cobro, e que se detallan nos epígrafes seguintes.

### 1.1. De orzamento de ingresos, exercicio corrente

#### a) Coherencia interna das cifras de debedores pendentes de cobro de orzamento de ingresos, orzamento corrente

Verificouse a coincidencia dos saldos de debedores pendentes de cobro de orzamento corrente coa información do balance de situación e coa liquidación do orzamento.

#### b) Saldos rexistrados no estado de remanente de tesourería

A recadación municipal realízase a través dun axente recadador independente, e a súa xestión recadadora é rendida á Tesourería Municipal.

A 31 de decembro de 2000 existen debedores pendentes de cobro por importe de 248.816.134 pesetas, coa seguinte distribución:

Capítulo	Descrición	Pdte. de cobro a 31/12/2000
1	Impostos directos	104.163.672
2	Impostos indirectos	211.041
3	Taxas e outros ingresos	35.163.541
4	Transferencias correntes	57.288.004
5	Ingresos patrimoniais	2.648.034
7	Transferencias de capital	24.881.945
9	Pasivos financeiros	24.459.897
<b>Total</b>		<b>248.816.134</b>

### Impostos directos

Con obxecto de verificar a realidade dos dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio por impostos directos, analizouse a totalidade dos mesmos, o seu importe ascende a 104.163.672 pesetas, e detállase a continuación:

Subconcepto	Descrición	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos pdtes de cobro a 31/12/2000
11200	IBI rústico	333.410	164.269	169.141
11201	IBI urbano	313.834.382	272.499.399	41.334.983
11300	IVTM	169.963.885	140.202.117	29.761.768
11400	IVTNU	46.824.790	36.121.232	10.703.558
13000	IAE Empresas	127.356.804	106.852.494	20.504.310
13001	IAE Profesionais	14.909.931	13.220.019	1.689.912
<b>Total</b>		<b>673.223.202</b>	<b>569.059.530</b>	<b>104.163.672</b>

#### a) Imposto sobre bens inmobles (IBI)

O padrón formado polo centro de xestión catastral e cooperación tributaria é fiscalizado e realízase unha depuración do mesmo antes de sometelo a súa aprobación pola Comisión de Goberno. Verificouse que foron expostos ó público os padróns do IBI, de natureza rústica e urbana, así como o anuncio do inicio do período de cobranza. A Tesourería autorizou os pregos de cargo entregados ó recadador.

O importe do padrón do IBI, unha vez fiscalizado e aprobado polo Concello, ascende a 334.194 pesetas para os inmobles de natureza rústica e a 240.013.801 pesetas para urbana.

Durante o exercicio fiscalizado recoñecéronse dereitos en IBI rústica por 333.410 pesetas, cantidade lixeiramente inferior ó padrón (784 pesetas menos), debido a baixas aprobadas durante o exercicio. Recadáronse recibos por importe de 164.269 pesetas, quedando pendentes de cobro 169.141 pesetas. Polo IBI de natureza urbana, os dereitos recoñecidos netos rexistrados en contabilidade foron 313.834.382 pesetas, superando en 73.820.581 pesetas, o importe do padrón inicialmente aprobado (derivado do efecto neto das altas menos baixas e devolucións). A recadación neta ascendeu a 272.499.399 pesetas, polo que o saldo pendente de cobro a fin de exercicio é de 41.334.983 pesetas.

Esta información foi contrastada coas contas de recadación e listados de liquidacións. Como resultado do traballo realizado non se detectaron incidencias que afecten ó saldo pendente de cobro a fin de exercicio.

*b) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)*

A Comisión de Goberno aprobou o día 3 de abril de 2000 o padrón de vehículos de tracción mecánica, e a súa exposición pública foi anunciada no BOP número 73, do 13 de abril dese ano. Este padrón está integrado por vehículos nos que a súa matriculación foi realizada na Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra e polos ciclomotores nos que a súa matrícula foi expedida polo Concello.

Respecto dos matriculados en Tráfico, segundo consta no resumo do padrón aprobado, rexistráronse 1.034 recibos cobrados directamente en tesourería, e o seu importe ascende a 5.800.995 pesetas, sendo o cargo presentado á recadación de 15.494 recibos, que representa un importe de 156.308.354 pesetas. Polo anterior, o número total de recibos por vehículos matriculados en Tráfico é de 16.528 e supón un importe conxunto de 162.109.349 pesetas.

O padrón de ciclomotores contén 898 recibos, por importe de 780.390 pesetas, producíronse baixas por 2.610 pesetas, quedando un padrón total de 777.780 pesetas, cantidade da que non se recadaron fondos en efectivo a través de Tesourería, polo que o cargo á Recadación foi pola totalidade do padrón, é dicir 777.780 pesetas.

A liquidación do orzamento rexistra dereitos recoñecidos netos polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica, por importe de 169.963.885 pesetas. A recadación neta foi 140.202.117 pesetas, polo que os dereitos pendentes de cobro rexistrados foron de 29.761.768 pesetas.

Realizouse unha análise dos dereitos recoñecidos e da recadación neta, co obxecto de determinar a realidade do saldo pendente de cobro a fin de exercicio.

Como resultado das probas realizadas, detectouse unha diferenza por importe de 994.275 pesetas, entre a información que consta no resumo anexo ó padrón do IVTM, por recibos cobrados directamente en Tesourería (5.800.995 pesetas), detalle que se presenta nun listado alfabético de recibos cobrados ós contribuíntes, e o importe que consta como recibos cobrados, no listado de cargos remitido ó Departamento de Contabilidade por liquidacións ingresadas

en Tesourería (4.806.720 pesetas), que se rexistra no libro de liquidacións por conceptos e cargos, anexo ó padrón do IVTM.

Esta diferenza foi xustificada polo Concello, no escrito de data 23 de decembro de 2002 (registro de entrada no Consello de Contas número 1, do día 2 de xaneiro de 2003), mediante informe da Tesoureira, que se resume a continuación:

Os contribuíntes que necesitan o xustificante de pago do IVTM, para transferir o seu vehículo, antes da posta ó cobro dos recibos, acudían ás oficinas de Intervención, onde se emitían, pagándoos en efectivo directamente na caixa municipal. Estes recibos emitidos (e pagados) con antelación, comprobábanse entre a persoa encargada deste imposto en Intervención e a persoa que cobraba os recibos en Tesourería. Os recibos que constaban pagados eliminábanse do padrón que era entregado ó recadador. Para o resto dictábase a providencia de *apremio*, iniciándose o procedemento de recadación.

Tendo en conta este funcionamento, di textualmente a Tesoureira no seu informe: *“a persoa encargada de cobrar recibos en Caixa, comprobaba coa encargada deste imposto en Intervención, os recibos que se tiñan cobrado (o importe real). Estes recibos dábanse como pagados polo que non se iniciaba o procedemento de apremio e, por outro lado, retirábanse do cargo que se lle entregaba ó recadador (posto que xa estaban pagados). Era a persoa encargada de Caixa, cando, á hora de remitir a información á Contabilidade, subministraba información parcial destes cobros, ingresando en contas ese importe parcial, retendo o resto. Comprobado este feito e interrogado ó presunto autor, Juan Carlos Conde Teijeiro (co número de DNI 35.411.253 Q), este recoñeceu tal actuación, reintegrando os fondos retidos, con data 18/12/2002”.*

Entre a documentación achegada polo Concello para xustificar esta diferenza figura unha fotocopia do ingreso realizado o día 18 de decembro de 2002 na súa conta operativa número 0072-0419-35-0000100040 do Banco Pastor, por importe de 6.443,33 euros (1.072.080 pesetas). Importe que excede en 467,62 euros (77.805 pesetas), a diferenza detectada polo Consello de Contas.

As causas deste exceso de ingresos explícanse polo Concello da seguinte forma:

*“O exceso de reintegro corresponde a recibos que se emitiron e se aboaron no mes de xaneiro de 2000 de contribuíntes que querían transferir o vehículo, que presentaron a documentación correspondente na Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra no mes de decembro de 1999, e que esta entidade non tramitou a transferencia nese mes, senón en xaneiro do 2000, esixíndolles ós suxeitos pasivos a presentación do último recibo ó cobro (nese momento, xa, o recibo do 2000). Con posterioridade a Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra, remite ó Concello a información das baixas por transferencia con efectos de decembro de 1999, co que eses recibos, xa non figuran no Padrón do 2000, pero que, nembargantes, emitíronse e pagáronse. É unha irregularidade motivada polo funcionamento dunha entidade externa ó Concello, e que é a encargada de elaborar os padróns do IVTM”.*

O día 2 de xaneiro de 2003, rexistrouse co número 8, no Consello de Contas de Galicia, un oficio do Concello, de data 27 de decembro de 2002, ó que se achega (entre outra documentación), un informe da Tesoureira, no que se indica que se realizaron indagacións para descubrir se existen diferencias en exercicios anteriores ó auditado polo Consello de Contas, relacionadas co cobro de IVTM, obténdose os seguintes importes non xustificadas polo mesmo autor dos anteriores feitos:

Fontes de información utilizadas polo Concello para detectar as diferencias	Importe pesetas		
	1997	1998	1999
Importe recibos cobrados, segundo consta no resumo anexo ó padrón do IVTM	3.530.560	3.449.793	4.812.110
Importe recibos cobrados, segundo consta no listado de cargos remitidos ó Departamento de Contabilidade, que figura nun listado anexo ó padrón do IVTM	2.760.435	3.216.953	4.265.355
<b>TOTAL DIFERENCIAS</b>	<b>770.125</b>	<b>232.840</b>	<b>546.755</b>

Respecto a estas diferencias, que totalizan 1.549.720 pesetas (9.314 euros), realizouse unha fiscalización o día 20 de xaneiro de 2003. Como resultado dos procedementos utilizados e das probas obtidas, verificouse a existencia das diferencias detectadas polo Concello, sinaladas en escrito do 27 de decembro de 2002. Tamén se obtivo copia compulsada do resgardo de entrega en efectivo do reintegro de fondos por importe de 9.314 euros, realizado o día 17/01/2003, a favor do Concello, na conta 0072-0419-35-0000100040 do Banco Pastor.

Efectuouse unha avaliación do sistema existente na actualidade en Tesourería, para o cobro en Caixa do IVTM, confirmando que os cobros anticipados do IVTM, se ingresan en contas bancarias de titularidade da Entidade Local. Ademais, o Concello informou no escrito do 27 de decembro de 2002, que nos exercicios anteriores a 1997, o importe de recibos do IVTM anticipados ó padrón que se cobraban na caixa municipal, transferíanse ás contas do recadador; de tal xeito que os recibos non ingresados en metálico, se relacionaban como débeda pendente de cobro unha vez finalizado o período voluntario de pago, para que se dictase providencia de apremio.

Por todo o anterior, unha vez que se verificou o reintegro de fondos, deberíase proceder a contabilizar como maiores dereitos recoñecidos de orzamento corrente e pechados, os importes efectivamente cobrados ós contribuíntes polo IVTM. En consecuencia, incrementáronse os dereitos recoñecidos netos do resultado orzamentario en 1.072.080 pesetas e os epígrafes do remanente de tesourería correspondentes a debedores pendentes de cobro de exercicio corrente e de exercicios pechados, respectivamente, en 1.072.080 pesetas e en 1.549.720 pesetas.

Ante estes feitos o Pleno do Consello de Contas de Galicia en sesión do día 5 de febreiro de 2003, adoptou o acordo de remitir o expediente completo de actuacións ó Tribunal de Contas, ó Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza

de Galicia e notificar o acordo ó Concello de Vilagarcía de Arousa, para o seu coñecemento e efectos.

*c) Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IVTNU)*

A liquidación do orzamento non rexistra na columna de dereitos recoñecidos netos, aqueles dereitos que foron anulados durante o exercicio, ó contabilizar polo neto estas operacións. Este feito non afecta á cuantificación do resultado orzamentario nin repercute sobre o remanente de tesourería, xa que o importe dos dereitos recoñecidos netos da liquidación do orzamento (46.824.790 pesetas), coincide con liquidacións por altas (46.893.168 pesetas) unha vez deducidas as baixas (68.378 pesetas), segundo se comprobou a través de listados contables achegados no transcurso da fiscalización. Esta información foi contrastada tamén coa conta de recadación.

De acordo coa documentación presentada, e como consecuencia das probas realizadas, os dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio ascenden a 10.703.558 pesetas. Non proceden, polo tanto, modificacións no estado de remanente de tesourería.

*d) Imposto sobre actividades económicas (IAE)*

O Imposto sobre actividades económicas contabilízase nos subconceptos 13000 para actividades empresariais e 13001 para actividades profesionais e artísticas.

O Concello recoñeceu no ano 2000 como dereitos 3.258.721 pesetas no subconcepto *13000 IAE Empresariais*, pola liquidación de cotas nacionais correspondente ó período que transcorre entre o 1 de xuño ata o 30 de novembro do exercicio 2000. Segundo o disposto no artigo 144, a) da LRFL, deberíase imputar ó exercicio 2001 este importe, momento no que se realiza a liquidación. Diminúese o saldo de dereitos recoñecidos netos no resultado orzamentario e os debedores pendentes de cobro de exercicio corrente no remanente de tesourería por esta cantidade.

De acordo co anterior, realizáronse as seguintes modificacións ó remanente de tesourería por impostos directos de exercicio corrente:

Subconcepto	Descrición	Modificacións nos dereitos pendentes de cobro
11300	IVTM (parte correspondente ó exercicio 2000)	+ 1.072.080
13000	IAE Empresariais	- 3.258.721
<b>Total efecto neto</b>		<b>- 2.186.641</b>

### Impostos indirectos

Realizouse unha análise do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (mostra que representa o 100% dos dereitos pendentes de cobro), verificando por medio de liquidacións e a través da conta de recadación, a realidade deste saldo pendente de cobro a fin de exercicio.

Os dereitos recoñecidos netos rexistrados en contabilidade suman 186.531.386 pesetas. A recadación líquida foi de 186.320.345 pesetas, rexistrándose dereitos pendentes de cobro por 211.041 pesetas. Como resultado do traballo realizado en Impostos indirectos, non se realizaron modificacións ó resultado orzamentario nin ó remanente de tesourería.

### Taxas e outros ingresos

O importe dos dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio por taxas e outros ingresos é de 35.163.541 pesetas. Con obxecto de verificar a realidade dos mesmos, analizouse unha mostra que representa o 84% e que ten a seguinte distribución:

Subconcepto	Descrición	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pdtes. de cobro
31109	Mesas e cadeiras	3.816.273	2.371.382	1.444.891
31113	Postes e escuadras	33.611.356	26.248.339	7.363.017
31201	Lixo	191.515.316	174.635.111	16.880.205
31202	Rede de sumidoiros	56.912.007	53.216.412	3.695.595
31204	Subministración de auga	3.769.885	3.769.885	0
<b>Total</b>		<b>289.624.837</b>	<b>260.241.129</b>	<b>29.383.708</b>

#### a) Taxa de mesas e cadeiras

Contabilizáronse dereitos recoñecidos simultáneos ó ingreso por importe de 289.240 pesetas no subconcepto 31109 "Taxa de mesas e cadeiras", que se deben rexistrar no subconcepto 31104 "Taxa por ocupación da vía pública" ó tratarse de ingresos desta natureza propónse ó Concello a súa reclasificación. Este feito non repercute cuantitativamente no resultado orzamentario nin no remanente de tesourería.

Ademais, verificouse que o ingreso contabilizado co número de operación 4732 o día 7 de marzo do 2000 por importe de 50.059 pesetas no subconcepto 31109 "Taxa mesas e cadeiras", na que a súa descrición detalla: "ingresado mesas e cadeiras 2000", correspóndese cun ingreso por ocupación da vía pública, polo que tamén procede imputalo ó subconcepto 31104 "Taxa por ocupación da vía pública". Esta reclasificación tampouco afecta cuantitativamente ó resultado orzamentario nin ó remanente de tesourería.

#### b) Taxa por postes, escuadras e outros

O saldo pendente de cobro a fin de exercicio da *taxa por postes, escuadras e outros*, corresponde a liquidacións que efectúan Telefónica, S.A. e Unión Fenosa, pola colocación de postes e similares para o desenvolvemento da súa actividade.

Destas liquidacións, a correspondente ó cuarto trimestre do 2000 de Telefónica, S.A. polo importe de 4.107.705 pesetas, e a do mes de decembro practicada por Unión FENOSA, por 663.097 pesetas, prodúcense no exercicio 2001, polo que se imputará a ese exercicio o importe conxunto destes dereitos (4.770.802 pesetas), de conformidade co disposto no artigo 144,a) da LRFL. Segundo os cálculos do equipo auditor, diminúese en 4.770.802 pesetas o remanente de tesourería e o resultado orzamentario.

**c) Taxa de recollida de lixo**

O importe de dereitos recoñecidos netos do exercicio 2000 pola taxa de recollida de lixo foi 191.515.316 pesetas. A recadación foi de 174.635.111 pesetas, rexistrándose un saldo pendente de cobro por importe de 16.880.205 pesetas. Como resultado das comprobacións realizadas nesta taxa, non se detectaron incidencias que afecten ó resultado orzamentario nin ó remanente de tesourería.

**d) Taxa de rede de sumidoiros**

Comprobouse que o importe dos dereitos recoñecidos coincide co padrón aprobado, incrementado polas altas do exercicio e minorado polas baixas aprobadas no mesmo. Esta información contrastouse pola documentación facilitada polo departamento de recadación. Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2000, segundo se verificou con información obtida da recadación, ascenden a 3.695.595 pesetas, cantidade rexistrada na contabilidade municipal. Non proceden, polo tanto, modificacións ó resultado orzamentario nin ó remanente de tesourería.

**e) Taxa por subministración de auga**

O servizo de abastecemento de auga xestiónase de forma indirecta, mediante concesión, pola empresa Espina e Delfín, SL. O Concello non rexistra os ingresos por aplicación ós aboados das correspondentes tarifas e tampouco se contabiliza o canon a percibir pola Entidade Local. Neste subconcepto 31204 "Taxa por subministración de auga", o Concello rexistra exclusivamente fianzas recibidas en concepto de garantía polo contrato de subministración de auga, que pola súa natureza, se deberían contabilizar en conceptos non orzamentarios. Non se realizan modificacións ó resultado orzamentario nin ó remanente de tesourería, ó non figurar dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio.

En consecuencia, as modificacións a realizar no remanente de tesourería por taxas e outros ingresos son os seguintes:

Subconcepto	Descrición	Modificacións nos dereitos pendentes de cobro
31113	Postes e escuadras	- 4.770.802
<b>Total</b>		<b>- 4.770.802</b>

**Transferencias correntes**

O conxunto dos dereitos recoñecidos, recadación neta e dereitos pendentes de cobro por transferencias correntes preséntase no seguinte cadro. Realizáronse probas sobre unha mostra que representa o 100% do saldo pendente de cobro, con obxecto de verificar a realidade destes dereitos.

Subconcepto	Descrición	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos pdtes. de cobro
42000	Participación nos tributos do Estado	685.124.345	660.124.345	25.000.000
45501	Transf. C. Autónoma, programa drogodep.	70.661.800	40.408.334	30.253.466
45502	Transf. C. Autónoma, servizos sociais	12.051.204	10.016.666	2.034.538
<b>Total</b>		<b>150.837.349</b>	<b>710.549.345</b>	<b>57.288.004</b>

a) 42000 “Participación nos tributos do Estado”

O Concello adquiriu no 2000, como dereito recoñecido, unha estimación dos ingresos correspondentes á liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado deste exercicio económico, entrega que se realiza en xuño de 2001, ano ó que se debe imputar o dereito, segundo o disposto no apartado a) do artigo 144 da LRFL. Como consecuencia do anterior minorouse o resultado orzamentario e remanente de tesourería en 25.000.000 pesetas.

b) 45501 “Transferencias Comunidade Autónoma, programa drogodependencia” e 45502 “Transferencias Comunidade Autónoma, servicios sociais”

Comprobouse a realidade dos saldos pendentes de cobro nunha mostra que representa un alcance do 100%. Como resultado das probas realizadas verificouse que o recoñecemento de dereitos do programa de drogodependencia, do subconcepto 45501, que presenta un saldo pendente de cobro por 30.253.466 pesetas, rexistrouse o día 31 de decembro de 2000, incumprindo o establecido na regra 156 da ICAL, xa que as condicións para que este importe sexa esixible, é dicir, a súa xustificación ante a *Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, da Xunta de Galicia*, realizase no ano 2001, exercicio no que se debería rexistrar o dereito. En consecuencia, minorouse o resultado orzamentario e remanente de tesourería nesta cantidade.

De acordo co exposto anteriormente, as modificacións realizadas no estado de remanente de tesourería correspondentes ó capítulo 4, son as seguintes:

Subconcepto	Descrición	Modificacións nos dereitos pendentes de cobro
42000	Participación nos tributos do Estado	- 25.000.000
45501	Transf. C. Autónoma, programa drogodependencia	- 30.253.466
<b>Total</b>		<b>- 55.253.466</b>

### Ingresos patrimoniais

O saldo de ingresos patrimoniais por 2.648.034 pesetas, correspóndese co importe pendente de cobro do subconcepto 52100 “Intereses de contas correntes”. Verificouse que a data de liquidación é do 31 de decembro de 2000 e que os intereses foron aboados o día 8 de xaneiro de 2001 polo Banco de Crédito Local. De acordo co establecido na regra 160 da ICAL, non se realizaron modificacións ó resultado orzamentario nin ó remanente de tesourería.

### Transferencias de capital

Os dereitos recoñecidos pendentes de cobro a fin de exercicio por transferencias de capital ascenden a 24.881.945 pesetas e detállanse no seguinte cadro:

Subconcepto	Descrición	Dereitos pdtes. de cobro
72000	Transferencias de capital, do Estado	6.030.581
75501	Transferencias de capital, da Xunta de Galicia	12.254.860
76101	Transferencias de capital, Deputación Provincial de Pontevedra	6.596.504
<b>Total</b>		<b>24.881.945</b>



Con obxecto de verificar a realidade destes saldos, analizouse unha mostra que representa o 76% dos mesmos, verificándose a contabilización incorrecta no exercicio 2000 dos seguintes dereitos:

*76101 “Transferencias de capital, Deputación Provincial de Pontevedra”*

*a) “Proxecto provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2000”*

- Obra de saneamento e auga en *Rubiáns de Arriba*, subvención de 1.545.371 pesetas. Xustificouse a realización do investimento á Deputación Provincial de Pontevedra o día 15 de febreiro de 2001, incumprindo o determinado na regra 156 da ICAL, respecto ó momento en que se debe recoñecer o dereito, xa que as condicións esixidas para que a subvención sexa firme cúmprese no ano 2001. Redúcese neste importe o resultado orzamentario e remanente de tesourería.
- Pavimentación de camiños en *Sobradelo*, importe de financiamento de 2.660.603 pesetas. Remitiuse á Deputación Provincial de Pontevedra a xustificación do gasto realizado o día 15 de febreiro de 2001, polo que se debería recoñecer o dereito nese exercicio, de conformidade co disposto na regra 156 da ICAL. Modificouse o resultado orzamentario e remanente de tesourería nesta cantidade.

*b) “Proxecto de acción municipal para o ano 2000”*

Dentro deste proxecto inclúese un programa de “*Dotación de servizos básicos a praias*”. O Concello recoñeceu dereitos o día 31 de decembro de 2000 por importe de 2.390.530 pesetas, correspondentes á achega da Deputación Provincial de Pontevedra á compra dun equipo de megafonía e pola adquisición dunha embarcación pneumática para praias. A xustificación do gasto remítese á Deputación Provincial de Pontevedra o día 15 de febreiro de 2001, polo que, segundo a regra 156 da ICAL, debería recoñecerse o dereito no ano 2001. En consecuencia, minórase neste importe, tanto o resultado orzamentario como o remanente de tesourería.

Realizáronse as seguintes modificacións ó remanente de tesourería consecuencia dos cálculos realizados no capítulo 7 “Transferencias de Capital”:

Subconcepto	Descrición	Modificacións nos dereitos pendentes de cobro
76101	Transferencias de capital, Deputación Provincial	- 6.596.504
<b>Total</b>		<b>- 6.596.504</b>

**Pasivos Financeiros**

Na contabilidade rexístrase un saldo pendente de cobro de 24.459.897 pesetas que corresponde a un préstamo formalizado no exercicio 2000 co Banco de Crédito Local por 263.307.390 pesetas. A regra 237 da ICAL sinala que a creación de endebedamento se contabilizará cando o produto do mesmo se teña ingresado na Tesourería da Entidade. Redúcese o remanente de tesourería e o resultado orzamentario por este importe.

**Resumo**

Como resultado das comprobacións realizadas en dereitos pendentes de cobro de exercicio corrente, as modificacións realizadas ó remanente de tesourería son as seguintes:

Capítulo	Descrición	Dereitos pdtes. cobro segundo Concello	Modificacións ó remanente de tesourería
1	Impostos directos	104.163.672	- 2.186.641
2	Impostos indirectos	211.041	0
3	Taxas e outros ingresos	35.163.541	- 4.770.802
4	Transferencias correntes	57.288.004	- 55.253.466
5	Ingresos patrimoniais	2.648.034	0
7	Transferencias de capital	24.881.945	- 6.596.504
9	Pasivos financeiros	24.459.897	- 24.459.897
<b>Total</b>		<b>248.816.134</b>	<b>- 93.267.310</b>

**1.2. Do orzamento de ingresos, exercicios pechados**

a) *Coherencia interna das cifras de debedores pendentes de cobro do orzamento de ingresos, orzamentos pechados*

Verificouse a coincidencia dos saldos de debedores pendentes de cobro de orzamentos pechados, coa información do balance de situación e coa liquidación do orzamento.

b) *Saldos rexistrados no estado de remanente de tesourería*

En función do exercicio do seu recoñecemento, os debedores pendentes de cobro de orzamentos pechados que figuran no estado de remanente de tesourería, presentan a seguinte distribución:

Ano de recoñecemento de dereitos	Dereitos pendentes de cobro
1989 e anteriores (*)	55.086.224
1990	29.348.137
1991	34.134.166
1992	57.808.568
1993	32.056.169
1994	30.732.407
1995	38.982.112
1996	44.570.311
1997	68.744.611
1998	67.201.899
1999	97.868.931
<b>TOTAL</b>	<b>556.533.535</b>

(\*) O Concello rexistrou os dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores a 1989 xunto cos deste exercicio

b.1) *Saldos rexistrados no estado de remanente de tesourería por Ingresos non Tributarios*

Con obxecto de verificar a realidade da composición dos debedores pendentes de cobro de orzamentos pechados, analizáronse a totalidade dos saldos por ingresos non tributarios. Das probas realizadas, puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

*Exercicio 1989 e anteriores:*

A liquidación do orzamento de exercicios pechados do 2000, presenta un saldo pendente de cobro no capítulo 5 “Ingresos patrimoniais” por 55.652 pesetas. O saldo do capítulo 8 “Activos financeiros” é de 529.055 pesetas e no capítulo 9 “Pasivos financeiros” rexístranse 168.696 pesetas, como importe pendente de cobro a fin de exercicio.

Verificouse que no exercicio 2001, foron anuladas liquidacións de dereitos por 9.252 pesetas no capítulo 5 “Ingresos patrimoniais”, quedando un saldo pendente de 46.400 pesetas neste capítulo. Solicitouse información sobre este importe confirmando os técnicos municipais a necesidade da súa depuración. Realizouse modificación por 46.400 pesetas.

Respecto ó saldo pendente do capítulo 8 “Activos financeiros” por importe de 529.055 pesetas, e do capítulo 9 “Pasivos financeiros” por 168.696 pesetas, solicitouse documentación acreditativa de actuacións realizadas para o seu cobro, sen que polo Concello se xustificara o motivo de que, á data de terminación do traballo de campo da fiscalización, figuren pendentes de ingreso. Debido á antigüidade dos saldos pendentes, realizouse anulación destes dereitos por 697.751 pesetas no remanente de tesourería.

*Exercicio 1991:*

No exercicio 2000 constan no capítulo 8 “Activos financeiros”, dereitos pendentes de cobro do ano 1991 por 40.000 pesetas, que continúan pendentes de cobro no exercicio 2001. Proponse ó Concello a anulación deste saldo, previo expediente de depuración de dereitos. A modificación realizada ó remanente de tesourería, supón unha minoración de 40.000 pesetas.

Ademais das modificacións dos apartados anteriores, incrementouse o epígrafe de debedores pendentes de cobro de exercicios pechados do remanente de tesourería en 1.549.720 pesetas, por cantidades efectivamente cobradas a contribuíntes polo IVTM, segundo se explica no apartado IV.1.1 deste informe.

*b.2) Saldos rexistrados no estado de remanente de tesourería por Ingresos Tributarios*

Os dereitos de natureza tributaria, a teor do disposto na nova redacción dada ó artigo 64 da Lei 230/1964, pola Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, prescriben ós catro anos. Neste sentido, tódolos dereitos de natureza tributaria anteriores o 1 de xaneiro de 1997 débense considerar prescritos, agás aqueles casos nos que se realizaran actuacións encamiñadas ó cobro deses créditos o que, de acordo coa normativa e xurisprudencia aplicable, se teñan producido actos, que puideran interromper a prescrición. O Servicio de Recadación Municipal realiza, con carácter xeral, actuacións para evitar a prescrición dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados.

Neste cadro preséntase o resumo das modificacións propostas nos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados:

Exercicios	Descrición	Modificacións
1989 e anteriores	Modificación correspondente ó capítulo 5 Ing. patrimoniais	- 46.400
1989 e anteriores	Eliminación capítulo 8 Activos financeiros	- 529.055
1989 e anteriores	Baixa capítulo 9 Pasivos financeiros	- 168.696
1991	Anulación capítulo 8 Activos financeiros	- 40.000
<b>Total baixas</b>		<b>- 784.151</b>
Cantidades efectivamente cobradas do IVTM de exercicios 1999, 1998 e 1997		+ 1.549.720
<b>Total</b>		<b>+ 765.569</b>

*c) Dotación de saldos de dubidoso cobro*

O Concello estableceu como saldos de difícil recadación un importe de 75.000.000 pesetas no remanente de tesourería do exercicio 2000. O Consello de Contas considera insuficiente este importe, polo que, en virtude do establecido no artigo 103.3 do RD 500/1990, realizouse un cálculo para a determinación dos dereitos de difícil ou imposible recadación, no que se tivo en conta a antigüidade das débedas, o seu importe e natureza, así como as porcentaxes de recadación.

Como consecuencia do traballo realizado, verificouse que durante o ano 2001 a recadación de dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores a 1993, foi pouco significativa, representando porcentaxes inferiores ó 1,5%; do exercicio 1993 ingresouse en torno ó 5%; de 1994 recadouose o 3,5% do pendente de cobro; de 1995 a recadación situouse no 4,5%. Do exercicio 1996, recadouose un 10%; de 1997 a porcentaxe de recadación é do 5,5%. A recadación dos saldos pendentes de 1998 e 1999, foi respectivamente dun 8% e 21%.

No seguinte cadro establécese, ademais de modificacións por anulación de dereitos sinalados no apartado b.1 do epígrafe IV.1.2, unha proposta de dotación de saldos de dubidoso cobro. Como consecuencia das baixas porcentaxes de recadación e en función do principio de prudencia, considerouse provisión do 100% para os saldos pendentes de cobro en período de prescrición (anteriores a 1997). Para os anos 1997 a 1999, adóptase un criterio menos restrictivo. Así, do pendente de cobro a fin de exercicio 2001, (pendente de cobro a 31/12/2000 unha vez deducidas as anulacións en dereitos por rectificacións, etc., menos liquidacións canceladas en 2001 por recadación, etc.), considerouse un 5% para 1999, 10% para 1998 e 15% para 1997, como provisión de saldos de difícil recadación.

Exercicios	Pdte. de cobro 31/12/2000	Rectificacións e liquidacións canceladas 2001	Pdte. de cobro 31/12/2001	Modificacións segundo o equipo auditor	
				Anulacións	Dubidoso cobro
1989	55.086.224	2.318.946	52.767.27	744.151	52.023.127
1990	29.348.137	866.136	28.482.001	0	28.482.001
1991	34.134.166	2.061.412	32.072.754	40.000	32.032.754
1992	57.808.568	7.324.412	50.484.156	0	50.484.156
1993	32.056.169	3.374.999	28.681.170	0	28.681.170
1994	30.732.407	3.153.658	27.578.749	0	27.578.749
1995	38.982.112	4.070.394	34.911.718	0	34.911.718
1996	44.570.311	6.951.073	37.619.238	0	37.619.238
1997	68.744.611	9.931.265	58.813.346	0	8.822.002 (15%)
1998	67.201.899	11.970.443	55.231.456	0	5.523.146 (10%)
1999	97.868.931	23.876.041	73.992.890	0	3.699.645 (5%)
<b>Total</b>	<b>556.533.535</b>	<b>75.898.779</b>	<b>480.634.756</b>	<b>784.151</b>	<b>309.857.706</b>

En consecuencia, a dotación de saldos de dubidoso cobro proposto polo Consello de Contas por importe de 234.857.706 pesetas é a diferenza entre a estimación calculada polo equipo auditor en función do criterio de recadación efectiva (309.857.706 pesetas) e a dotación xa realizada polo Concello no estado de remanente de tesourería presentado (75.000.000 pesetas).

### 1.3. Doutras operacións non orzamentarias

O importe que figura rexistrado como operacións non orzamentarias en debedores pendentes de cobro é de 8.450.154 pesetas. Seleccionouse a conta 561 “*Anticipos e préstamos concedidos*”, que presenta un saldo a fin de exercicio de 6.206.228 pesetas, o que representa un alcance do 73% sobre o total de operacións non orzamentarias pendentes de cobro.

O saldo desta conta 561 “*Anticipos e préstamos concedidos*”, está formado polo saldo inicial, máis os movementos ó debe por anticipos concedidos ó persoal do Concello durante o exercicio, todo isto minorado polos movementos ó haber, é dicir, por cantidades retidas en nómina ós traballadores. Estes anticipos teñen natureza orzamentaria, así, os concedidos pola Entidade débense contabilizar no capítulo 8 “Activos financeiros” do estado de gastos, e a medida que se rexistren as devolucións de anticipos, débese recoñecer o dereito no capítulo 8 “Activos financeiros” do estado de ingresos do orzamento. Polo anterior, o rexistro destas operacións débese realizar na conta financeira 534 “*Préstamos a curto prazo*”. En consecuencia, dado que este saldo pendente figura nos dereitos non orzamentarios, practicouse unha modificación negativa no estado de remanente de tesourería por importe de 6.206.228 pesetas, de conformidade co disposto na regra 350 da ICAL.

### 1.4. Outros ingresos pendentes de aplicación

O importe que figura no estado de remanente de tesourería como ingresos pendentes de aplicación por 10.000 pesetas, é o saldo a 31 de decembro de 2000 da conta 5546 “Ingresos en caixa, pendentes de aplicación”. Non se puído determinar a composición deste saldo. Os técnicos municipais informaron que se trata dun importe que procede da apertura da contabilidade do exercicio 1992. Proponse ó Concello que realice os traballos necesarios para depurar este saldo.

## 2. ACREDITORES PENDENTES DE PAGO

Os saldos que figuran na agrupación de acredores pendentes de pago do estado de remanente de tesourería, presentan a seguinte composición:

Acredores pendentes de pago a 31/12/2000	Importe pesetas
Do orzamento de gastos correntes	543.319.075
Do orzamento de gastos pechados	73.973.074
Do orzamento de ingresos	0
De operacións comerciais	0
De recursos doutros entes públicos	0
Doutras operacións non orzamentarias	562.327.832
Pagos realizados pendentes de aplicación (-)	0
<b>Total</b>	<b>1.179.619.981</b>

Como resultado do traballo efectuado, detectáronse as seguintes incidencias, que afectan á fiabilidade dos saldos rexistrados en acredores pendentes de pago, e que se detallan nos epígrafes seguintes.

## **2.1. Do orzamento de gastos, orzamento corrente**

### *a) Coherencia interna das cifras de acredores do orzamento de gastos, orzamento corrente*

Verificouse a coincidencia dos saldos de acredores pendentes de pago de orzamento corrente coa información do balance de situación e coa liquidación do orzamento.

### *b) Saldos non xustificadas <sup>2</sup>*

Como resultado da confirmación de saldos comunicada polos propios acredores ó Consello de Contas, puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

DIELECTRO GALICIA, S.A.: recoñece unha débeda pendente do Concello por importe de 11.484.720 pesetas. Desta cantidade, 7.989.022 pesetas son do exercicio 2000 e o resto (3.495.698 pesetas) corresponde a facturas de exercicios anteriores. Na relación nominal de acredores figuran obrigas pendentes de ordenar o pago e pagos pendentes de realizar do ano 2000 por importe de 4.004.640 pesetas. A diferenza detectada por importe de 3.984.382 pesetas (débeda do ano 2000 por 7.989.022 pesetas comunicada polos acredores e o importe rexistrado na relación nominal de acredores por 4.004.640 pesetas), inclúese no cálculo teórico do remanente de tesourería e no resultado orzamentario.

### *c) Gastos realizados pendentes de recoñecemento no exercicio*

Revisouse a xustificación documental dos pagos realizados durante o primeiro trimestre do exercicio 2001 e das obrigas recoñecidas pendentes de pago deste período. Como resultado do traballo efectuado, verificouse a existencia de pagos no exercicio 2001, por gastos que corresponden a facturacións de teléfonos móbiles do período 12/11/2000 a 11/12/2000, por importe de 634.013 pesetas, e de gastos por subministración de gasóleo do ano 2000, para o edificio municipal "El ramal", por importe de 150.000 pesetas. A suma destes gastos é de 784.013 pesetas.

Trátase de gastos ou prestación de servizos que se realizan no ano 2000 polo que a súa imputación ó orzamento do 2001 vulnera o principio de devengo e desvirtúa o cálculo de remanente de tesourería. En consecuencia, de aplicar adecuadamente os Principios Contables Públicos, os saldos pendentes de pago a fin de exercicio veríanse incrementados en, ó menos, este importe. Polo que se modifica o remanente de tesourería e resultado orzamentario.

---

<sup>2</sup> Apartado modificado. O Concello non xustificou a diferenza de saldo por importe de 3.984.382 pesetas detallada no anteproxecto de Informe. Inclúese esta cantidade nos acredores pendente de pago de orzamento corrente do remanente de tesourería teórico. Esta cantidade afecta tamén ó resultado orzamentario (ver Nota 1).

*d) Resumo*<sup>3</sup>

Os saldos de acredores pendentes de pago do orzamento de gastos, exercicio corrente, calculados polo equipo auditor como consecuencia das incidencias dos apartados anteriores, son os seguintes:

Obrigas	Modificacións
Diferencias de confirmación de saldos	3.984.382
Obrigas recoñecidas no exercicio 2001 e que corresponden a gastos de 2000	784.013
<b>Total</b>	<b>4.768.395</b>

**2.2. Do orzamento de gastos, orzamentos pechados**

A estrutura que presentan os acredores pendentes de pago por orzamentos pechados, é a seguinte:

Exercicio	Obrig. pdtes. orde de pago a 31/12/00	Ordes de pago pdtes. a 31/12/00	Total obriga. pdtes. de pago
1989	33.679.321	0	33.679.321
1990	3.778.056	0	3.778.056
1991	3.854.792	0	3.854.792
1992	1.849.476	0	1.849.476
1993	2.513.018	205.887	2.718.905
1994	578.979	500.805	1.079.784
1995	342.326	608.496	950.822
1996	670.905	871.085	1.541.990
1997	9.811.257	961.463	10.772.720
1998	1.584.065	1.426.472	3.010.537
1999	10.213.208	523.463	10.736.671
<b>Total</b>	<b>68.875.403</b>	<b>5.097.671</b>	<b>73.973.074</b>

*a) Coherencia interna das cifras de acredores do orzamento de gastos, orzamentos pechados*

As cifras contidas no estado de remanente de tesourería por acredores de orzamentos pechados, coinciden coas reflectidas nos demais estados e anexos contables que compoñen a conta xeral.

*b) Saldos non xustificadas*<sup>4</sup>

Como resultado da confirmación de saldos comunicada polos propios acredores a esta Institución, púxose de manifesto a seguinte incidencia:

DIELECTRO GALICIA, S.A.: recoñece débeda de exercicios anteriores a 2000 por importe de 3.495.698 pesetas. Na relación nominal de acredores non constan obrigas pendentes de ordenar o pago nin ordes de pago pendentes por facturas desta empresa.

Esta diferenza, por importe de 3.495.698 pesetas, inclúese no cálculo do remanente de tesourería.

<sup>3</sup> Cadro modificado (ver Nota 3).

<sup>4</sup> Apartado modificado. O Concello non xustificou a diferenza de 3.495.698 pesetas. Inclúese este importe en acredores de orzamentos pechados do remanente de tesourería teórico.

*c) Análise dos acredores por exercicios*

A efectos de determinar a esixibilidade das débedas con acredores, realizouse unha análise da composición dos saldos que figuran en exercicios pechados detectándose as seguintes incidencias:

O período de prescrición de obrigas establécese en 5 anos segundo o artigo 46 TRLXO. Confírmouse por técnicos municipais, que os acredores interrompen o prazo de prescrición ó solicitar o pago da débeda. Pero existen acredores con débeda pendente de ata 10 anos de antigüidade, vulnerándose o disposto no artigo 168 LRFL respecto a prioridade de pagos.

Verificouse a través do “Estado de evolución e situación das obrigas recoñecidas”, da liquidación do orzamento de exercicios pechados, que existen obrigas pendentes de ordenar o pago por importe de 41.312.169 pesetas, de exercicios anteriores a 1992. O Concello está realizando traballos para depurar estes saldos, xa que se trata de importes procedentes de resultas de exercicios pechados da anterior instrucción de contabilidade, na que non se distinguían as fases de execución do orzamento por autorizacións (fase A) e disposición ou compromiso do gasto (fase D), e que, ó adaptarse a contabilidade á instrucción vixente, os contraídos anteriores consideráronse obrigas recoñecidas, pero en moitos casos, como confirman os técnicos municipais, non existían tales obrigas. Modificouse en 41.312.169 pesetas o saldo de acredores pendentes de pago de orzamentos pechados. O Concello deberá realizar as actuacións necesarias para determinar a existencia de terceiros reais e no seu caso, incoar o oportuno expediente de depuración de obrigas por prescrición, conforme ó establecido no artigo 47 do TRLXO.

Ademais, comprobouse para os exercicios en período de prescrición pero posteriores a 1991, é dicir, para o período 1992 a 1995, a existencia de determinados saldos que, pola súa antigüidade e natureza, deberían anularse. Por exercicios, o detalle destas obrigas pendentes de ordenar o pago, preséntanse no seguinte cadro:

Exercicio	Aplicación	Descrición	Importe da obriga
1992	111.2300	Órganos de goberno. Cargos electivos	15.000
1992	121.231	Administración xeral. Locomoción	6.600
1992	314.16107	Pensións. Asistencia médica a pensionistas	4
1993	111.22601	Órganos de goberno. Atencións protocolarias	100.000
1994	434.22100	Iluminado público. Enerxía eléctrica	39.101
1995	011.342	Débeda pública. Intereses de demora	104.095
1995	434.22100	Iluminado público. Enerxía eléctrica	7.591
<b>Total</b>			<b>272.391</b>

Propónse ó Concello, previa tramitación dun expediente, dar de baixa as anteriores obrigas pendentes de ordenar o pago, de acordo co establecido nos artigos 46 e 47 do TRLXO.



**d) Resumo**<sup>5</sup>

Como resultado das incidencias sinaladas nos apartados anteriores, modificáronse os saldos de acredores pendentes de pago de exercicios pechados nos importes que se presentan a continuación:

Obrigas	Modificacións
Diferencias de confirmación de saldos	3.495.698
Resultas de exercicios pechados da anterior instrucción de contabilidade	- 41.312.169
SalDOS que pola súa natureza e antigüidade se propón anular	- 272.391
<b>Total</b>	<b>- 38.088.862</b>

O conxunto de todas estas obrigas pode desvirtuar a realidade do saldo que a entidade ten con terceiros, polo que a efectos da cuantificación do remanente de tesourería teórico tivéronse en conta.

**2.3. Doutras operacións non orzamentarias**

O desglose destas operacións, de acordo co estado de situación e movementos das operacións non orzamentarias de tesourería, é o seguinte:

Acredores por operacións non orzamentarias		
Conta	Descrición	Pendente a 31/12/2000
475	IRPF, retención traballo persoal	27.816.460
477	Cota do traballador á Seguridade Social	0
479	Facenda Pública, acreedora por IVE	8.846.330
510	Retencións xudiciais	39.738
520	Fianzas a curto prazo, metálico	3.594.551
525	Depósitos a curto prazo	201.527.351
5108	Depósitos varios	2.262.508
512	Seguridade Social acreedora	71.164.507
513	Recarga provincial do IAE	28.471.914
514	Fondos a xustificar, préstamos BCLE	49.284.388
515	Operacións de tesourería	160.000.000
519	Outros acredores non orzamentarios	9.320.085
<b>Total</b>		<b>562.327.832</b>

Analizáronse as contas que a continuación se relacionan, nas que o seu importe representa un alcance do 83% sobre os importes pendentes de pago a fin de exercicio:

**1º. Conta 475 IRPF, retención traballo persoal (27.816.460 pesetas)**

O saldo que rexistra a conta 475 por 27.816.460 pesetas, non coincide co importe liquidado no Modelo 110 "retencións e ingresos a conta do IRPF", correspondente ó último trimestre do ano 2000, que ascende a 25.642.839 pesetas. A este importe, débese engadir, o dunha declaración complementaria por 17.279 pesetas, así como a cantidade liquidada no Modelo 115, por 180.000 pesetas, de rendementos procedentes do *arrendamento de inmobles*

<sup>5</sup> Cadro modificado (ver Nota 5).

*urbanos*, que o Concello tamén contabiliza nesta conta. A suma das cantidades ingresadas a favor da Axencia Tributaria foi de 25.840.118 pesetas, existindo unha diferenza, respecto ó saldo da conta 475, de 1.976.342 pesetas. Realizouse un seguimento desta diferenza, verificando que ten a súa orixe en exercicios anteriores, polo que se propón ó Concello que realice os traballos oportunos, a fin de rexistrar o saldo real da débeda coa Facenda Pública. Non se propoñen modificacións ó remanente de tesourería por esta conta.

### 2º. *Conta 477 Seguridade Social acreedora (0 pesetas)*

A conta 477 *Seguridade Social acreedora*, presenta a fin de exercicio saldo cero. Esta conta debe rexistrar o importe das cotas obreiras retidas ó persoal, figurando como saldo a fin de exercicio os importes pendentes de pago á Seguridade Social. O Concello rexistra nesta conta as retencións ós traballadores, pero cancela mensualmente o seu saldo, de tal forma que as cantidades retidas ós empregados se traspasan á conta 512 "*Entidades de previsión social dos funcionarios*". A conta 512 ten unha soa divisionaria 5127 "MUNPAL", a través da cal funcionaría, pero despois da integración da MUNPAL no sistema xeral da Seguridade Social non é de aplicación.

O Concello utiliza esta conta 512, denominándoa "Seguridade Social acreedora", para rexistrar conxuntamente o importe de cotas patronais e obreiras. O saldo a fin de exercicio é acredor, por importe de 71.164.507 pesetas.

Con obxecto de verificar a realidade do saldo, o cumprimento de obrigas formais e de pago de cotas correspondentes ó exercicio 2000, solicitáronse documentos de cotización TC1 e TC2 do mes de decembro, de nove códigos de conta de cotización.

Como resultado do traballo efectuado, detectouse unha diferenza, que os técnicos municipais non puideron conciliar, de 7.955.305 pesetas, entre o saldo pendente de pago a fin de exercicio por 71.164.507 pesetas da conta 512 "Seguridade Social acreedora", e o cálculo da débeda pendente a 31/12/2000 realizado polo equipo auditor, que ascende a 63.209.202 pesetas. Non se propoñen modificacións ó remanente de tesourería, pero o Concello procederá á análise desta diferenza para, no seu caso, depurala.

### 3º. *Conta 479 Facenda Pública acreedora por IVE (8.846.330 pesetas)*

Esta conta presenta un saldo inicial de 8.460.234 pesetas. Os movementos do exercicio foron todos ó haber por importe de 386.096 pesetas, quedando un saldo acredor de 8.846.330 pesetas. O Concello tiña a obriga de presentar as correspondentes declaracións de IVE á Axencia Tributaria. Á data de redacción deste informe, comprobouse que non foi efectuado o ingreso a favor do Tesouro Público do importe correspondente ó exercicio 2000 (386.096 pesetas), nin o de exercicios anteriores (8.460.234 pesetas). Verificouse tamén que do saldo a fin de exercicio 2000, a cantidade de 2.593.632 pesetas, provén do asento de apertura do ano 1996, importe que se debe analizar polo Concello, por se procede depurar, ó estar en período de prescrición.

A falta de ingreso do IVE na Facenda Pública, pode dar lugar a sancións, intereses de demora e, no seu caso, recargos que fixa a LXT, podendo incorrer

en responsabilidades dos artigos 140 e seguintes do TRLXO. Non se propoñen modificacións ó remanente de tesourería por esta conta.

**4º. Conta 525 Depósitos a curto prazo, metálico (201.527.351 pesetas)**

Nesta conta rexístranse, fundamentalmente, depósitos constituídos por acometida de rede de auga e rede de sumidoiros. Verificouse a contabilización o día 31/12/2000 dun apunte por 178.810.254 pesetas, correspondente a unha subvención concedida ó Concello polo INEM, para a posta en práctica dun programa experimental en materia de formación e emprego. A subvención divídese nunha achega ó “custo salarial de traballadores” por 178.450.254 pesetas; e ó financiamento do custo de “aulas de formación” por 360.000 pesetas.

O día 10 de febreiro de 2001, o Concello imputa o importe da subvención correspondente a “custo salarial dos traballadores” (178.450.254 pesetas), ó subconcepto orzamentario de ingresos 42001 “*Outras transferencias*”, pero o fai por importe lixeiramente superior, 178.462.559 pesetas. Como a xustificación da subvención por custos salariais, foi de 160.215.330 pesetas, devólvese á Dirección Provincial do INEM a diferenza (18.234.924 pesetas) con data 10 de setembro de 2001. Non consta que se imputara ó orzamento o importe de 360.000 pesetas por financiamento do custo de “aulas de formación”.

Modificouse o remanente de tesourería, minorando o saldo do epígrafe de acredores pendentes de pago por “Outras operacións non orzamentarias” no importe da subvención do INEM (178.810.254 pesetas). Como a xustificación das condicións esixidas pola orde de convocatoria realizouse no ano 2001, débese imputar o dereito a ese exercicio, polo que o rexistro da subvención en orzamento non afecta ó saldo de debedores.

**Resumo**

As modificacións ó saldo de acredores pendentes de pago, de “Outras operacións non orzamentarias”, como consecuencia das incidencias dos apartados anteriores, son as seguintes:

Descrición	Modificación
Subvención do INEM para a posta en práctica dun programa experimental en materia de formación e emprego	178.810.254
<b>Total</b>	<b>178.810.254</b>

**5º. Conta 515 Operacións de tesourería (129.000.000 pesetas)**

A análise desta conta realízase no punto V.2 deste Informe: “*Endebedamento*”.

**2.4. Recoñecemento extraxudicial de créditos**

O recoñecemento extraxudicial de créditos aprobado no ano 2001 por 63.989.472 pesetas, analizado no epígrafe III deste Informe, afecta ó remanente de tesourería na medida que se imputa ó exercicio en que se aproba (2001), gastos que corresponden ó exercicio 1999 e anteriores, que se deberían incluír entre as obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados e que no suposto de ser aprobadas no ano ó que pertencen, modificarían a

cuantificación do remanente de tesourería. Incrementábase neste importe o saldo de acredores de orzamentos pechados.

Descrición	Modificación realizada
Recoñecemento extraxudicial de créditos aprobado no ano 2001 e que corresponde a gastos de 1999 e exercicios anteriores	63.989.472
<b>Total</b>	<b>63.989.472</b>

### 3. FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA

O estado de situación de existencias de tesourería presenta os seguintes saldos a 31 de decembro de 2000:

Cta/ordinal	Descrición	Saldo a 31/12/2000
530/000.00001	Caixa Metálico	58.587
570/200.00003	Banco de Crédito Local	208.417.075
571/200.00004	Banco Pastor	205.988.655
571/200.00007	Caixa de Aforros Municipal de Vigo	11.177.831
571/200.00009	Caixa Galicia	28.088.874
571/200.00015	Caixa de Aforros Pontevedra	32.592.141
571/200.00030	Banco de Crédito Local	45.973.727
571/200.00060	Caixa Postal cta. operativa	1.119.912
571/200.00070	Caixa de Aforros Municipal de Vigo	25.802.992
<b>Total</b>		<b>559.219.794</b>

Como consecuencia dos traballos efectuados, puxéronse de manifesto os seguintes feitos:

Recibiuse resposta de confirmación de saldos por parte do Banco Pastor, Caixa Galicia e Caixanova, nembargantes, a verificación destes saldos e os correspondentes ás entidades crediticias que non contestaron ós requirimentos de información, efectuouse por medio das certificacións, saldos e conciliacións bancarias facilitadas polos responsables municipais.

Non se observaron outras incidencias relevantes nos fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio.

### 4. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO

O estado de remanente de tesourería presenta un saldo de remanente afectado a gastos por importe de 20.580.089 pesetas. Comprobase que as desviacións positivas de financiamento que figuran no estado de gastos con financiamento afectado coinciden con este importe. Ademais, verificouse que este estado se elabora de acordo coas normas establecidas nas regras 376 a 381 da ICAL.

Realizouse unha mostraxe entre as subvencións percibidas polo Concello, tendente a determinar se existen desviacións de financiamento positivas nos seguintes proxectos:

- “*Equipamentos praia da Concha e Compostela*”, obra código 007/98. No estado de gastos con financiamento afectado figuran como dereitos recoñecidos 3.438.000 pesetas e como obriga recoñecida 2.757.915 pesetas. Verificouse o adecuado recoñecemento do dereito, que procede

de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra e comprobouse o correcto recoñecemento da obriga a través de facturas xustificativas do gasto. O cálculo da desviación de financiamento por 680.085 pesetas é correcto.

- *“Acondicionamento e construción campos de fútbol”*, obra código 043/00. Verificouse que o importe da obriga recoñecida por 11.683.173 pesetas, que consta no estado de gastos con financiamento afectado, se axusta a certificacións de obra aprobadas por Comisión de Goberno. Os ingresos afectados proceden dun préstamo do BCL (5.476.106 pesetas), de subvencións da Xunta de Galicia (6.221.880 pesetas) e dunha subvención da Deputación de Pontevedra (2.400.000 pesetas). Comprobouse a correcta contabilización do recoñecemento do dereito correspondente ó préstamo e á subvención da Xunta. A xustificación á Deputación da subvención realízase no exercicio 2001, polo que non se recoñece o dereito no exercicio 2000, como dispón a regra 156 da ICAL. Polo anterior, prodúcese unha desviación positiva de financiamento por 14.813 pesetas.
- *“Pavimentacións vías públicas”*, obra código 050/2000. As obrigas recoñecidas deste proxecto contabilízanse na partida 511.611 e ascenden a 21.018.286 pesetas, cantidade que figura no estado de gastos con financiamento afectado. Os ingresos afectados proceden do recoñecemento de dereitos por 24.325.676 pesetas de dous préstamos formalizados co BCL. A diferenza de obrigas e dereitos supón unha desviación positiva de financiamento de 3.307.390 pesetas, cantidade rexistrada no estado de gastos con financiamento afectado do Concello.

Como resultado das probas realizadas non se detectaron incidencias que modifiquen o remanente de tesourería por gastos con financiamento afectado.

## **5. CUANTIFICACIÓN DO ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA <sup>6</sup>**

De acordo coas comprobacións efectuadas e cos resultados obtidos e descritos nos apartados 1, 2, 3 e 4 do epígrafe IV deste informe, o remanente de tesourería para gastos xerais do Concello no exercicio fiscalizado, ascende, de acordo cos cálculos do equipo auditor a –12.614.879 pesetas, mentres que a liquidación do orzamento do exercicio 2000 é de 97.809.547 pesetas. A diferenza explícase polos saldos calculados polo equipo auditor e que se reflicten no seguinte cadro:

---

<sup>6</sup> Cadro modificado como consecuencia das diferencias de circularización á acredores. (ver Notas 3 e 5).

Estado de remanente de tesourería		Remanente calculado polo Concello	Modificacións	Remanente Consello de Contas
<b>1.</b>	<b>Debedores pendentes de cobro a 31/12/00</b>	<b>738.789.823</b>		<b>480.224.148</b>
	Do orzamento de ingresos correntes	248.816.134	-93.267.310	155.548.824
	Do orzamento de ingresos pechados	556.533.535	765.569	557.299.104
	De operacións comerciais	0	0	0
	De recursos doutros entes públicos	0	0	0
	Doutras operacións non orzamentarias	8.450.154	-6.206.228	2.243.926
	Saldos de dubidoso cobro (-)	75.000.000	309.857.706	234.857.706
	Ingresos realizados pendentes de aplicación (-)	10.000	0	10.000
<b>2</b>	<b>Acredores pendentes de pago a 31/12/00</b>	<b>1.179.619.981</b>		<b>1.031.478.732</b>
	Do orzamento de gastos correntes	543.319.075	4.768.395	548.087.470
	Do orzamento de gastos pechados	73.973.074	25.900.610	99.873.684
	Do orzamento de ingresos	0	0	0
	De operacións comerciais	0	0	0
	De recursos doutros entes públicos	0	0	0
	Doutras operacións non orzamentarias	562.327.832	-178.810.254	383.517.578
	Pagos realizados pendentes de aplicación (-)	0		0
<b>3</b>	<b>Fondos líquidos en tesourería</b>	<b>559.219.794</b>	<b>0</b>	<b>559.219.794</b>
<b>4</b>	<b>Remanente de tesourería afectado a G.F.A.</b>	<b>20.580.089</b>	<b>0</b>	<b>20.580.089</b>
<b>5</b>	<b>Remanente de tesourería gastos xerais</b>	<b>97.809.547</b>		<b>-12.614.879</b>
<b>Total remanente de tesourería</b>		<b>118.389.636</b>		<b>7.965.210</b>

## V. ENDEBEDAMENTO

### 1. OPERACIÓNS A LONGO PRAZO

Ó longo do exercicio, obxecto de fiscalización, a entidade concertou dúas operacións con prazo superior a un ano:

- Un préstamo co Banco de Crédito Local, formalizado o 23 de xuño, por importe de 263.307.390 pesetas.
- Un anticipo, concertado o 14 de agosto coa Caixa de Anticipos da Corporación provincial, no que o seu importe ascendeu a 6.118.847 pesetas.

A liquidación do orzamento de gastos presenta os seguintes importes, no relativo ós capítulos 3 e 9.

#### Estado de gastos

Cap.	Crédito inicial	Modificacións	Crédito definitivo	Obrigas recoñecidas	Pagos líquidos	Obrigas pdtes. de pago
3	95.199.385	-4.500.000	90.699.385	84.359.169	64.745.975	19.613.194
9	201.876.165	60.252.524	141.623.641	141.405.573	123.839.534	17.566.039

A liquidación do orzamento de ingresos presenta os seguintes importes en relación o seu capítulo 9.

## Estado de ingresos

Cap.	Crédito inicial	Modificacións	Crédito definitivo	Dereitos recoñecidos	Ingresado	Pdtes. de cobro
9	263.307.390	165.650.298	428.957.688	149.895.149	125.435.252	24.459.897

Por outra parte, e en materia de contabilidade financeira, do balance de comprobación extráense os saldos que integran os maiores das contas 160 e 170.

### Contabilidade financeira

Cta.	Saldo inicial		Acumulado		Saldo a 31/12/00	
	Debe	Haber	Debe	Haber	Debe	Haber
160		0		6.118.847		6.118.847
170		1.602.684.950	141.405.573	1.746.461.252		1.605.055.679
<b>Total</b>			<b>141.405.573</b>	<b>1.752.580.099</b>		<b>1.611.174.526</b>

Conta	Movimentos debedores	Movemento acredores
160		6.118.847
170	141.405.573	143.776.302
<b>Total</b>	<b>141.405.573</b>	<b>149.895.149</b>

No trámite de conciliación de saldos que dan as contabilidades financeira e orzamentaria, púxose de manifesto o seguinte:

- 1) Comprobouse a coincidencia do importe das obrigas recoñecidas no capítulo 9 de gastos cos movementos debedores das contas 160 e 170 recollidas no balance de comprobación, e que ascende a 141.405.573 pesetas.
- 2) Verificouse a coincidencia entre a cifra de dereitos recoñecidos no capítulo 9 de ingresos e o importe dos movementos acredores das contas 160 e 170, que se eleva a 149.895.149 pesetas.
- 3) Comprobouse igualmente a coincidencia entre o importe ó que ascenden as obrigas recoñecidas no capítulo 3 do orzamento de gastos e aquel que figura no epígrafe de gastos financeiros da conta de perdas e ganancias, o que se cifra en 84.359.169 pesetas.

Así mesmo, o préstamo formalizado co Banco de Crédito Local contabilízase de forma incorrecta ó aveiro do disposto na regra 237 da ICAL, toda vez que é obxecto de recoñecemento a cantidade de 24.459.897 pesetas que figura pendente de cobro na liquidación do capítulo 9 de ingresos (IV.1.1).

O estado da débeda que se contén na conta xeral da Corporación non se axusta ó preceptuado pola ICAL no seu artigo 424, incumpríndoa así mesmo en materia de cumprimentación dos cadros relativos a "Capitais, A) débeda en circulación" e "B) amortizacións por reembolso" contidos nos anexos dos estados anuais que se recollen na referida Instrucción Contable. Ó non recoller o mencionado estado formulado pola Corporación os capitais vivos nos momentos de inicio e finalización do exercicio fiscalizado, non foi posible

verificar a coincidencia entre o mencionado estado e as contas 160 e 170 do balance de situación.

Comprobáronse os requisitos legais para a formalización de operacións de crédito no exercicio, detectándose as seguintes incidencias en relación coa operación subscrita co Banco de Crédito Local o 23 de xuño de 2000.

- Incúmprese o artigo 51 da LRFL cando preceptúa que a Corporación ou entidade correspondente deberá dispoñer de orzamento aprobado para o exercicio en curso, posto que se ben o orzamento atopábase inicialmente aprobado dende o 25 de maio, non se verificou ata o 27 de xuño, transcorrido o período de exposición pública, a remisión do edicto da Alcaldía anunciando a aprobación definitiva do orzamento para a súa inserción no Boletín oficial da provincia. No mesmo orde de cousas, e a teor do preceptuado polo artigo 150.5 de LRFL, non operou o cómputo do prazo para a entrada en vigor do orzamento ata o día 19 de xullo de 2000, data na que se publica a aprobación definitiva no boletín.

Conclúese pois, que o préstamo se concertou en plena vixencia do orzamento prorrogado, vulnerando así o disposto polo artigo 51 da LRFL.

- O importe total do préstamo, 263.307.390 pesetas, é obxecto de aprobación polo Pleno da Corporación de acordo co artigo 52 da LRFL. Nembargantes, procedeuse a súa concertación en prazos e contías distintas das aprobadas plenariamente: 260.000.000 pesetas o 23 de xuño e 3.307.395 pesetas o 12 de decembro, que se outorgaron en documentos contractuais separados, como proba o feito da súa diferente numeración.

O vencemento do último prazo do préstamo subscrito o 12 de decembro de 2000 produciuse o 31 de decembro de 2001, cualificándose polo Banco de Crédito Local como préstamo a curto prazo e con destino ó financiamento de investimentos do exercicio 2000.

O anteriormente expresado constitúe un incumprimento, en termos estrictos, da autorización outorgada polo Pleno da Corporación, ó tempo que se vulnera o artigo 52 da LRFL en materia de finalidade das operacións crediticias, por canto que non constitúe o financiamento de investimentos finalidade que a lei preceptúa para as operacións a curto prazo.

- Verificouse o cumprimento dos requisitos do artigo 54 da LRFL. O aforro neto era positivo e a débeda viva non superaba o límite do 110% dos recursos ordinarios, non resultando necesaria a autorización a que alude o citado artigo.

Non se detectaron incidencias relevantes en relación ó anticipo concertado coa caixa de anticipos de cooperación provincial.

## **2. OPERACIÓNS DE TESOURERÍA**

Durante o exercicio fiscalizado formalizáronse tres operacións de tesourería co Banco de Crédito Local polos respectivos importes de 70.000.000 pesetas, 35.000.000 pesetas e 60.000.000 pesetas.



A conta 515 presenta a seguinte composición:

Data	Descrición	Debe	Haber	Saldo Debe	Saldo Haber
01/01/00	Apertura	0	174.000.000	0	174.000.000
31/03/00	Amortización	5.000.000	0	0	169.000.000
31/05/00	Amortización	4.000.000	0	0	165.000.000
31/10/00	Amortización	70.000.000	0	0	95.000.000
31/10/00	Operación tesourería		70.000.000	0	165.000.000
30/11/00	Operación tesourería		35.000.000	0	200.000.000
30/11/00	Amortización	35.000.000	0	0	165.000.000
15/12/00	Amortización	60.000.000	0	0	105.000.000
15/12/00	Operación tesourería	0	60.000.000	0	165.000.000
31/12/00	Amortización	5.000.000	0	0	160.000.000
31/12/00	Peche	160.000.000	0	0	0

Procedéndose á verificación do cumprimento dos requisitos que para as operacións desta natureza establecen os artigos 52 e 53 da LRFL, púxose de manifesto o seguinte:

- A totalidade das operacións de tesourería son concertadas pola Alcaldía con sometemento ó límite establecido no artigo 53, sen que o seu conxunto supere o 30% dos ingresos liquidados por operacións correntes do exercicio anterior.
- En ningún momento do exercicio fiscalizado a concertación de débeda por operacións a curto prazo supera o límite do 30% dos ingresos liquidados por operacións correntes do último exercicio liquidado, de acordo co artigo 52.
- Nembargantes o anterior, por canto constitúe a finalidade última da concertación das operacións de tesourería a cobertura dos desfases orixinados pola amortización das operacións preexistentes, que son obxecto de renovación tácita, ponse de manifesto que as necesidades de liquidez que dan orixe ás operacións non teñen carácter transitorio senón permanente incumprindo así o disposto nos artigos 52 e 180 da LRFL.

Se, no plano teórico, e ós exclusivos efectos da análise do endebedamento da Corporación, reclasificásemos as operacións de tesourería de acordo coa súa verdadeira natureza (débeda a longo prazo), a concertación de operacións de crédito a longo prazo esixiría incuestionablemente, a autorización a que se refire o artigo 54 da LRFL así como a confección, cunha vixencia de tres anos, dun proxecto de saneamento financeiro.

- En ausencia de resposta ás circularizacións bancarias efectuadas, non se puideron confirmar as sumas e saldos da conta 515.

### 3. AFORRO NETO

O aforro neto da entidade, calculado nos termos regulados no artigo 54.1 da LRFL, ten carácter positivo á data de formalización dos préstamos, calculándose como segue:

Descrición	Importe pesetas
Dereitos recoñecidos (capítulos 1 a 5)	2.082.057.139
Obrigas recoñecidas (capítulos 1, 2 e 4)	1.685.486.080
AFORRO BRUTO	396.571.059
Anualidade teórica de amortización	308.286.588
AFORRO NETO	88.284.471

## VI. CONCLUSIÓNS

### 1. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL

O orzamento xeral para o exercicio de 2000 aprobouse definitivamente fóra do prazo establecido no artigo 150.2 da LRFL, que esixe a súa aprobación antes do 31 de decembro do ano anterior ó do exercicio en que se deba aplicar.

No expediente de tramitación e aprobación da liquidación do orzamento consta a remisión da mesma á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, fóra dos prazos previstos no artigo 174.5 da LRFL, 91 do RD 500/1990 e regra 445 da ICAL.

A conta xeral do exercicio 2000 dictaminouse pola Comisión Especial de Contas fóra do prazo establecido no artigo 193.2 da LRFL. Aprobouse en prazo polo Pleno da Corporación e rendeuse ó Consello de Contas de Galicia con dous días de atraso sobre o prazo límite fixado no artigo 204 da LRFL.

O resultado orzamentario axustado do exercicio é positivo (164.909.320 pesetas). Nembargantes, o cálculo efectuado polo equipo auditor o reduce en 98.035.705 pesetas ata situalo en 70.857.997 pesetas.

### 2. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

O recoñecemento extraxudicial de créditos é reflexo dunha situación de deficiente xestión do gasto municipal, que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario. Está permitido pola Lei como medida de protección dos intereses de terceiros pero, para a súa articulación dentro do Dereito Administrativo, só cabería acudir á tramitación dun procedemento para a esixencia de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos causados polas autoridades e persoal ó servizo da Administración. Así o propio artigo 154.5 da LRFL cando declara a nulidade dos acordos ou actos polos que se adquiren compromisos de gastos por contía superior ó importe dos créditos autorizados, fai referencia ás responsabilidades que os ditos actos poidan xerar.

### 3. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio fiscalizado calculado polo equipo auditor é de —12.614.879 pesetas, mentres que na liquidación do orzamento establécese un remanente para o exercicio 2000 de 97.809.547 pesetas.

#### **4. ENDEBEDAMENTO**

O préstamo formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 263.307.390 pesetas, está incorrectamente contabilizado segundo a regra 237 da ICAL, ó figurar pendente de cobro a cantidade de 24.459.897 pesetas. Concertouse en plena vixencia do orzamento prorrogado, en contra do disposto no artigo 51 da LRFL. Ademais, procedeuse á súa concertación en prazos e contías distintas ás aprobadas polo Pleno da Corporación.

As operacións de tesourería do exercicio son unha renovación das preexistentes, o que pon de manifesto necesidades de tesourería que dan orixe ás mesmas, e que non son de carácter transitorio senón permanente, incumprindo o disposto nos artigos 52 e 180 da LRFL.

O aforro neto da entidade é positivo, polo que non é necesaria, para a formalización de novos préstamos, a autorización preceptiva do artigo 54 da LRFL.

A débeda viva a 31 de decembro de 2000, de acordo co saldo das contas 160, 170 e 515, ascende a 1.771.174.526 pesetas, o que supón un 85% dos ingresos correntes liquidados no exercicio 1999, cumprindo polo tanto o disposto no artigo 54.2 da LRFL. A débeda a curto prazo non supera o 30% dos ingresos liquidados por operacións correntes de 1999, situándose no 7,6%.

#### **5. DÉBEDAS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA**

O incumprimento da obriga de ingresar, nos prazos establecidos, as declaracións de IVE, pode dar lugar a sancións, intereses de demora e, no seu caso, recargos que fixa a LXT. Este feito constitúe unha irregularidade que podería dar lugar á esixencia das responsabilidades mencionadas nos artigos 140 e seguintes do TRLXO e 38 da LOTC.

#### **6. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA**

O resultado orzamentario axustado, o aforro neto do exercicio e o remanente de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2000 son positivos; aínda cando este último cuantificouse polo equipo auditor en -12.614.879 pesetas.

O feito de que o remanente de tesourería calculado polo equipo auditor ofrezca un sino negativo define un escenario de dificultades financeiras a curto prazo, que se traduce na utilización de operacións de tesourería recorrentes. A isto hai que engadir a existencia de recoñecementos extraxudiciais de crédito, así como o recoñecer obrigas sen acredores reais que poidan incorporar responsabilidades e incertezas para o futuro. Por todo isto o Concello deberá corrixir as deficiencias descritas cumprindo de forma rigorosa a legalidade vixente e rexistrando as operacións cos criterios e normas establecidas na ICAL.

#### **7. RESPONSABILIDADES**

Como resultado das incidencias descritas no apartado IV.1.1,b) deste Informe, relativas ó imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), o Pleno do Consello de Contas de Galicia en sesión do día 5 de febreiro de 2003, adoptou

o acordo de remitir o expediente completo de actuacións ó Tribunal de Contas, ó Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por se os feitos puideran ser constitutivos de delicto ou falta, así como dar conta do actuado ó Concello de Vilagarcía de Arousa, para o seu coñecemento e efectos.

**ANEXO**

**ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO CONCELLO**



# EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA

Domicilio: Praza Ravella n.º 1

Tel: (986) 50 10 08

C. P. 36600

C. I. F. P/3606000-B

Fax (986) 50 11 09

## ALEGACIÓNS Ó INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS DO EXERCICIO 2000

### 1.- ENDEBEDAMENTO

O préstamo de 263.307.390 pesetas, aprobado con data 25 de maio de 2000, formalizouse o día 23 de xuño de 2000, por importe de 260.000.000 pesetas, e o complementario o día 12 de decembro do mesmo ano por importe de 3.307.395 ptas. O motivo debeuse a un erro da entidade bancaria, toda vez que o acordo plenario de 25 de maio de 2000 onde se aprobaba a operación, o importe era de 263.307.390, así foi tramitada a correspondente operación ante a Consellería de Economía e Facenda.

Por conseguinte, entendemos que a operación cumpre o establecido no artigo 51 da Lei de Facendas Locais, toda vez que á formalización do contrato, xa tiña finalizado o período de exposición ó público, para reclamacións, do Presuposto do ano 2000.

Con respecto ó saldo de 24.459.897 ptas. que figura na Liquidación do Presuposto, débese a cantidades pendentes de ingresar por parte do Banco de Crédito Local, de obrigacións contraídas no exercicio. No sistema contable do préstamo establécese por cada obra do Anexo de Inversións un compromiso de ingreso que non será efectivo ata a aprobación da certificación ou factura do proxecto de obra, remitíndose á entidade financeira petición de fondos fiscalizada. En canto á Regra 237 da ICAL, entendemos que non é de aplicación toda vez que se refire a operacións de emisión de débeda pública ou de obrigacións ou bonos a longo prazo.

### 2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

As demais recomendacións, principalmente o recoñecemento extraxudicial de créditos débense a necesidades urxentes do mantemento dos servizos, representando unha porcentaxe moi baixa con relación ó presuposto xeral. Non obstante, o lexislador no artigo 157.2 b) permite a súa incorporación ó presuposto corrente.



EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA

Domicilio: Praza Ravella n.º 1

Tel: (986) 50 10 08

C. P. 36600

C. I. F. P/3606000-B


Fax (986) 50 11 09

3.- REMANENTE DE TESOURERIA

En canto ó Remanente de Tesourería, estase levando a cabo unha depuración dos dereitos recoñecidos de exercicios anteriores para rebaixar o saldo pendente de debedores.

En canto ás operacións de Tesourería, desde varios exercicios, estase minorando o importe nunha cantidade anual de 120.202,42 euros, con obxeto de cancelalas.

Vilagarcía de Arousa, 18 de marzo de 2003



ASD07. JOAQUIN JAVIER GAGO LOPEZ